

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE RIANXO E MARÍA VANESA MARTÍNEZ DURÁN DE CESIÓN TEMPORAL DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL NÚMERO 4448003NH1244N0001ZY.

En Rianxo, na data de sinatura dixital, Vanessa Reboredo Fraga, Secretaria accidental do Concello,

Dun parte:

Dunha parte, o Sr. Alcalde do Concello de Rianxo, D. Julián Bustelo Abuín, con NIF 53795465Y, actuando en nome e representación do mesmo, en virtude das facultades que lle outorga a vixente lexislación sobre Réxime Local.

E doutra parte:

María Vanesa Martínez Durán, maior de idade, con NIF [REDACTED] en nome propio, propietaria da parcela con referencia catastral número 4448003NH1244N0001ZY, sita en Lugar Cruceiro, Taragoña nº 33, 15985 Rianxo, e con domicilio a efectos de notificacións en [REDACTED]

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que María Vanesa Martínez Durán é propietaria única da parcela con referencia catastral número 4448003NH1244N0001ZY, sita en Lugar Cruceiro, Taragoña nº 33, 15985 Rianxo,

SEGUNDO. O obxecto deste Convenio é establecer as condicións da cesión temporal por María Vanesa Martínez Durán ao Concello, da parcela con referencia catastral número 4448003NH1244N0001ZY, sita en Lugar Cruceiro, Taragoña nº 33, 15985 Rianxo, con obxecto de destinala a aparcadoiro público, de conformidade co establecido na Resolución de Alcaldía número 402/2025 de data 9/04/025.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente contrato de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. O obxecto do convenio constitúeo a cesión temporal e gratuíta do ben coas seguintes características: Parcela con referencia catastral número 4448003NH1244N0001ZY, sita en Lugar Cruceiro, Taragoña nº 33, 15985 Rianxo,

SEGUNDA. A cedente, María Vanesa Martínez Durán, entrega gratuitamente o citado ben, do que conserva a propiedade, ao Concello de Rianxo para que o use e devolva no mesmo estado no que lle foi entregado.

TERCEIRA. O cedente e o cesionario comprométense a que a cesión teña unha duración limitada no tempo de 3 anos, dende a súa formalización, podendo ser revisada cando concorra a vontade de ambas as partes ou, a solicitude dunha delas, cando varíen as circunstancias orixe do contrato.

CUARTA. En caso de necesidade urxente, recuperará o cedente o ben cedido, a cuxos efectos ambas as partes conveñen que será suficiente dirixir ao cesionario comunicación escrita fidedigna, especificando a causa de necesidade e o prazo en que debe ser reintegrado o ben ao seu propietario, que en ningún caso será inferior a quince días.

No caso de que, transcorridos os quince días, o ben non fose entregado ao seu propietario, serán de conta e cargo do cesionario os danos e prexuízos provenientes pola demora; e iso, sen prexuízo do exercicio por parte do propietario, das accións dirixidas a recuperar o ben.

En calquera caso, e para o suposto de que o cedente decidise proceder á venda do ben a un terceiro, dito acto entenderase causa xustificada para proceder á resolución da presente cesión e a devolución do ben ao cedente no prazo indicado.

QUINTA. Calquera gasto que se produza como consecuencia da ocupación ou mantemento do ben entregado correrá a cargo do Concello de Rianxo, sen que en ningún caso poida reclamarse ao cedente cantidade algunha por dito concepto.

O cedente responderá dos prexuízos causados ao cesionario polos vicios do ben dos que era consciente e non comunicou.

SEXTA. O incumprimento das condicións xerais da cesión, a eventual vontade do cedente de recuperar o ben cedido, así como calquera controversia que puidese xurdir na aplicación do presente contrato, requirirá, para ser resolta, o mutuo acordo entre as partes.

A falta do mesmo, para a resolución de calquera cuestión que se suscite na interpretación ou aplicación do presente convenio, as partes sométense expresamente aos Xulgados e Tribunais de da Xurisdición Civil, con renuncia expresa a calquera outro foro.

Estando conformes todas as partes, asinan no lugar e data arriba citados do que, do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

